
O PORQUÉ DE TODAS AS COUSAS

Texto de QUIM MONZÓ

Tradución de GONZALO HERMO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 160 páx. 17 €.

ISBN 978-84-16721-72-6. Narrativa K. Faktoría K.

PREMIO CIDADE DE BARCELONA 1993

PREMIO DA CRÍTICA SERRA D'OR 1994

Todo grazas a aquel zapato que perdeu cando tivo que marchar do baile a toda présa porque ás doce remataba o feitizo, o vestido volvía á condición de farrapos, a carroza deixaba de ser carroza e volvía ser cabaza, os cabalos, ratos etcétera. Sempre a abraiou que só a ela o zapato lle entrase á perfección, porque o seu pé (un 36) non é en absoluto infrecuente e outras rapazas da vila deben ter o mesmo talle. Aínda lembra a expresión de asombro das súas dúas medio irmás cando viron que era ela a que casaba co príncipe e (uns anos despois, cando morreron os reis) se convertía na nova raíña.

O rei foi un marido atento e fogoso. Foi unha vida de soño ata o día que descubriu unha mancha de lapis de labios na camisa real. O chan afundiúsele baixo os pés. Que desacougo!

Éxito de vendas e de crítica, que o considerou un dos exercicios máis virtuosos da literatura catalá contemporánea, a trintena de historias breves que conforman «O porqué de todas as cousas» son aparentemente simples e esquemáticas pero revelan a mestría narrativa -especialmente no xénero do relato- de Quim Monzó, a súa capacidade de síntese e a súa certa visión da eterna incertidume humana, exposta de forma aguda, irónica e directa. Comparado con Kafka, Borges e Rabelais e consagrado como un dos autores máis relevantes da súa xeración, Monzó retrata nesta obra as relacións afectivas e ridiculiza a sociedade actual a través da ficción, cunha linguaxe transparente e precisa, sen máis filtros que a súa poderosa imaxinación, o manexo dos dobres sentidos e do humor negro, e o seu estilo hilarante que subverte os estereotipos sociais e a lóxica interna do relato.

Nada se salva da súa impronta paródica e axitadora: estes contos son un reflexo tan absurdo como abraiante dos devezos e incertezas do tempo presente. Trátase de abordar situacións da vida cotiá -problemas existenciais tanto individuais como colectivos- dándolles unha visión grotesca e deformada da realidade, con enfoques insólitos, levados ata extremos esaxerados. Os seus protagonistas procuran o pracer e a fantasía pero vense atrapados nas dúbidas e na confusión.

Varios relatos deste libro foron adaptados polo director de cine Ventura Pons na película «El porqué de las cosas» (1995).



- **Temática:** relatos sobre as relacións persoais, caricatura da sociedade actual.
- **Destinatarios:** lectores adultos.
- **Aspectos destacables:** Premios Cidade de Barcelona e Serra d'Or; situacións cotiás narradas con humor e imaxinación; adaptación cinematográfica dirixida por Ventura Pons.
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-porque-de-todas-as-cousas-g>

Quim Monzó

(Barcelona, 1952)

Novelista, contista e articulista. Estudou Deseño Gráfico na Escola Massana de Barcelona. Comezou a traballar na prensa escrita na década dos 70 como correspondente e columnista en xornais de Barcelona e Madrid. Tamén realizou un traballo destacable como tradutor do inglés ao catalán de autores como Truman Capote, J. D. Salinger ou Ernest Hemingway. Considerado dende os anos 80 unha revelación literaria en Catalunya, ten publicado máis dunha ducia de obras de narrativa e varias compilacións de artigos. A súa obra foi recoñecida, entre outros, co Premio de Honra das Letras Catalanas, o Premio Nacional de Literatura, os premios Cidade de Barcelona, Prudenci Bertrana, El Temps, Lletra d'Or, o premio dos Escritores Cataláns, Maria Àngels Anglada, Trajectòria e, en catro ocasións, o premio Serra d'Or da Crítica. En 2007 deu o discurso inaugural na Feira do Libro de Fráncfort. Tamén colabora en proxectos cinematográficos e escribe habitualmente para La Vanguardia. Libro tras libro, con traducións a outras linguas, Quim Monzó foi construíndo unha das traxectorias máis sólidas da narrativa catalá actual ata converterse nunha referencia.

<http://www.monzo.info>